



CONCELLO DA MEZQUITA

BANDO

RECIBOS DE LIXO

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde-Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

O Concello está adherido e delegou na Deputación a competencia de establecemento, imposición e ordenación das taxas pola prestación do servizo de RECOLLIDA DE LIXO, informámoslle que entre **finais do mes de xuño e a primeira quincena do mes de xullo** o Servizo de Xestión Tributaria e Recadación da Deputación Provincial de Ourense procederá o envío das notificacións de alta no padrón do lixo xunto co recibo do **primeiro trimestre** de acordo coas tarifas aprobadas na Ordenanza fiscal reguladora da taxa provincial pola prestación do servizo intermunicipal delegado de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local (BOP nº 249 de 27/12/2024).

Os efectos de facilitar o pagamento por parte dos veciños do seu municipio, se o recibo do lixo vixente anteriormente estaba domiciliado na Deputación, esta continuará sendo válida e se a domiciliación foi facilitada polo seu concello cargarase na conta remitida, sen prexuízo de que, se resultara rexeitada pola entidade bancaria, esta liquidación pasará a vía executiva.

Polo tanto sería convinte verificar que a conta bancaria que figura no recibo continua vixente, xa que **as domiciliacións serán cargadas na primeira semana do mes de setembro**.

O resto dos trimestres serán remitidos ó domicilio dos contribuíntes por correo ordinario, polo que para evitar despistes nos pagamentos recomendámoslles, que a mellor forma de pagamento é a **domiciliación** dos seus recibos, e así evitar a vía executiva.

En A Mezquita, a 4 de xullo de 2025.

O ALCALDE,

(documento asinado dixitalmente na marxe)

Asdo: Rafael Pérez Vázquez

